



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Análise Arquitectónico 1 | Código | 630G01012 | |
| Titulación | Grao en Arquitectura | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Formación básica | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Representación e Teoría Arquitectónica | | | |
| Coordinación | Amado Lorenzo, Antonio Gonzalo | Correo electrónico | antonio.amado@udc.es | |
| Profesorado | Amado Lorenzo, Antonio Gonzalo | Correo electrónico | antonio.amado@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>ANÁLISE ARQUITECTÓNICA 1. METODOLOXÍA DO PROXECTO. TEORÍA DA ARQUITECTURA. GRAFISMO ARQUITECTONICO AVANZADO</p> <p>O obxectivo desta materia céntrase na adquisición de habilidades e capacidades para a representación da arquitectura, graficamente e por medio de maquetas descritivas, que lle permitirán abordar o estudo de diversos aspectos do proxecto arquitectónico, a súa relación co ámbito e a adecuación ás necesidades dos usuarios, adquirindo competencias específicas dos bloques técnico e proyectual.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | PROXECTO BÁSICO ARQUITECTÓNICO E URBANO: aptitude ou capacidade para aplicar os principios básicos formais, funcionais e técnicos á concepción e deseño de edificios e de conxuntos urbanos, definindo as súas características xerais e as prestacións que se acadan. |
| A2 | PROXECTOS DE EXECUCIÓN: aptitude ou capacidade para elaborar proxectos integrais de execución de edificios e espazos urbanos en grao de definición suficiente para a súa completa posta en obra e equipamento de servizos e instalacións. |
| A4 | PROGRAMACIÓN FUNCIONAL: aptitude ou capacidade para elaborar programas de edificios, considerando os requisitos de clientes e usuarios, analizando os precedentes e as condicións de localización aplicando estándares e establecendo dimensións e relacións de espazos e equipos. |
| A9 | CRÍTICA ARQUITECTÓNICA: aptitude ou capacidade para analizar morfolóxica e tipoloxicamente a arquitectura e a cidade e para explicar os precedentes formais e programáticos das solucións proxectuais. |
| A10 | REPRESENTACIÓN ESPACIAL: aptitude ou capacidade para aplicar, tanto manual como informaticamente, os sistemas de representación gráfica, dominando os procedementos de proxección e corte, os aspectos cuantitativos e selectivos da escala e a relación entre o plano e a profundidade. |
| A13 | IDEACIÓN GRÁFICA: aptitude ou capacidade para concibir e representar graficamente a figura, a cor, a textura e a luminosidade dos obxectos e dominar a proporción e as técnicas de debuxo, incluídas as informáticas. |
| A34 | FUNCIÓNS PRÁCTICAS E SIMBÓLICAS: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo dos procesos de simbolización da ergonómia e das relacións entre o comportamento humano, o entorno natural ou artificial e os obxectos, de acordo cos requirimentos e a escala humanos. |
| A35 | SOCIOLOXÍA RESIDENCIAL: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo das necesidades e demandas sociais, dos compoñentes da calidade de vida, das condicións de habitabilidade e dos programas básicos de vivenda. |
| A36 | SOCIOLOXÍA CULTURAL: comprensión ou coñecemento das implicacións que nas funcións e responsabilidades sociais do arquitecto ten as necesidades, valores, normas de conduta e de organización e patróns espaciais e simbólicos determinados pola pertenza a unha cultura. |
| A37 | ANÁLISE DE FORMAS: comprensión ou coñecemento das leis da percepción visual e da proporción, as teorías da forma e da imaxe, as teorías estéticas da cor e os procedementos de estudo fenomenolóxico e analítico das formas arquitectónicas e urbanas. |
| A38 | SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: comprensión ou coñecemento dos sistemas de representación espacial e a súa relación cos procedementos de ideación gráfica e de expresión visual das distintas fases do deseño arquitectónico e urbanístico. |



| | |
|-----|--|
| A39 | RESTITUCIÓN GRÁFICA: comprensión ou coñecemento das técnicas de medición e levantamento gráfico de edificios e de ámbitos urbanos e naturais en todas as súas fases, dende o debuxo de apuntamentos á restitución científica. |
| A42 | TEORÍA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento das teorías da arquitectura pasadas e presentes, especialmente as relativas á interdependencia de formas, usos e técnicas, á estrutura formal, ao estudo dos tipos e aos métodos de composición de edificios e espazos abertos. |
| A44 | BASES DA ARQUITECTURA OCCIDENTAL: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. |
| A45 | BASES DA ARQUITECTURA NATIVA: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas de carácter nacional, local e vernáculo e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. |
| A46 | BASES DA ARQUITECTURA NON OCCIDENTAL: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas do mundo non occidental, os seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos e as súas semellanzas e diferencias coas propias da cultura occidental. |
| A47 | ECOLOXÍA E SOSTENIBILIDADE: comprensión ou coñecemento da responsabilidade do arquitecto respecto aos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente na edificación, o urbanismo e a paisaxe. |
| A48 | SOCIOLOXÍA E HISTORIA URBANAS: comprensión ou coñecemento das relacións entre o medio físico e o medio social e as bases da teoría e a historia dos asentamentos humanos, da socioloxía, da economía urbana e da estadística como fundamentos dos estudos territoriais e urbanísticos. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B8 | Visión espacial. |
| B9 | Creatividade. |
| B10 | Sensibilidade estética. |
| B11 | Capacidade de análise e síntese. |
| B12 | Toma de decisións. |
| B13 | Imaxinación. |
| B14 | Habilidade gráfica xeral. |
| B15 | Capacidade de organización e planificación. |
| B16 | Motivación pola calidade. |
| B17 | Cultura histórica. |
| B18 | Razoamento crítico. |
| B19 | Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar. |
| B30 | Comunicación oral e escrita na lingua nativa. |
| B31 | Coñecemento doutras culturas e costumes. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|-----|----|
| Adquirir coñecementos técnicos para a análise da arquitectura por medio de ferramentas gráficas e maquetas. | A1 | B1 | C1 |
| | A2 | B2 | C2 |
| | A4 | B3 | C3 |
| | A9 | B4 | C4 |
| | A10 | B5 | C5 |
| | A13 | B6 | C6 |
| | A34 | B7 | C7 |
| | A35 | B8 | C8 |
| | A36 | B9 | |
| | A37 | B10 | |
| | A38 | B11 | |
| | A39 | B12 | |
| | A42 | B13 | |
| | A44 | B14 | |
| | A45 | B15 | |
| | A46 | B16 | |
| | A47 | B17 | |
| | A48 | B18 | |
| | | B19 | |
| | | B30 | |
| | | B31 | |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|--|--|
| A. Introducción | Introducción. Organización, obxetivos e metodoloxía. Presentación do tema do curso. |
| B. Ampliación de Debuxo Arquitectónico | O debuxo de arquitectura. Técnicas e sistemas de representación no plano. Representación tridimensional analóxica e dixital. |
| 1. Linguaxes secundarias da arquitectura | Linguaxes secundarias da arquitectura Intencións na representación Proxeccións en 3d |
| 2. Convencións gráficas | Aplicación dos sistemas diedrico, acotado e cónico á comunicación arquitectónica |
| 3. Os modelos tridimensionais como sistema de representación | Maquetas espaciais, volumétricas, de relación coa contorna e de detalle A maqueta de traballo |
| 4. A infografía | Debuxo e imaxe electrónica Os modelos dixitais A animación As presentacións dixitais dos proxectos de arquitectura |
| 5. Grafiación para a análise da arquitectura | Ler un proxecto arquitectónico. Comunicar un proxecto arquitectónico Conceptos básicos para unha introdución á análise. Debuxar para idear, analizar, comunicar a idea e comunicar o proxecto. Procedementos e recursos de grafiación analítica. |

Planificación



| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Proba obxectiva | A48 A47 A46 A45 A44 A42 A39 A38 A37 A36 A35 A34 A13 A10 A9 A4 A2 A1 B31 B30 B19 B18 B17 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C8 C7 C6 C5 C4 C3 C2 C1 | 4 | 145 | 149 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------|-------------------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba obxectiva | Exame realizado na aula |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| | <p>A avaliación é un proceso continuo, no que a actividade que en cada unha das sesións do curso desenvolve o estudante é controlada e rexistrada. Periodicamente e -en todo caso, sempre que o estudante así o require- infórmase da adecuación do nivel acadado polas súas actividades en relación cos obxectivos programáticos da materia.</p> <p>Establécese un período ao remate do curso, libre de sesións teóricas e de obradoiros, nos que a atención se desenvolve exclusivamente de xeito individual de forma que cada estudante é orientado cara á consecución dos obxectivos finais da materia ou, no seu caso, á excelencia.</p> <p>En todo momento do curso os profesores brindan aos estudantes apoio complementario ao docente de xeito individual, en horario coñecido.</p> |

| Avaliación | | | |
|-----------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba obxectiva | A48 A47 A46 A45 A44 A42 A39 A38 A37 A36 A35 A34 A13 A10 A9 A4 A2 A1 B31 B30 B19 B18 B17 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C8 C7 C6 C5 C4 C3 C2 C1 | Esta metodoloxía tiene como fin principal determinar si la evolución del alumno ha sido suficiente . Constará de dos partes de 2 horas cada una en la que se desarrollará el trabajo propuesto por los profesores. Es necesario que el alumno alcance 5 puntos sobre 10 en esta metodoloxía para poder aprobar la asignatura. | 100 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



Para aprobar, o alumno dispoñerá de dúas oportunidades: xaneiro e xullo. A primeira coincide coa data de entrega do último traballo, e capacitará ao alumno para aprobar por curso. O alumno que non supere esta primeira oportunidade poderá presentarse a unha segunda, que consistirá nunha proba práctica no mes de xullo.

A entrega menor do 80% das prácticas supoñerá que non se seguiu o curso, e implica unha calificación de "Non Presentado" nas dúas oportunidades de avaliación, por tanto o alumno terá que repetir a asignatura por completo.

E imprescindible entregar as prácticas específicas da materia, incluídas as coordinadas no Obradoiro do terceiro cuadrimestre con Proxectos, para superar cada unha das materias que compoñen o Obradoiro conxunto. Éste terá un peso do 20% da cualificación final do alumno.

Os alumnos que non presenten -total ou parcialmente-, as prácticas exisidas no Obradoiro compartido serán calificados con un Non Presentado en todas as materias que componen ese Obradoiro.

Os alumnos que non superen a materia de Proxectos nas dúas oportunidades, deberán asistir a o Obradoiro compartido o ano seguinte. Nese caso, realizarán os traballos das materias que non superaran no Obradoiro do ano anterior.

Os alumnos que tendo superada a materia de Proxectos, non superasen alguna das outras materias integradas no Obradoiro, Terán que presentar en consecutivas convocatorias, novamente, e cas correccions oportunas, os traballos propostos no Obradoiro no que participaron.

Os alumnos matriculados con posterioridade a o inicio do curso académico deberán asistir as clases teóricas e prácticas dende a data da sua matrícula, coa posibilidade de recuperación das prácticas realizadas hasta esa data.

PROBA OBXETIVA: Esta metodoloxía ten como fin principal determinar si a evolución do alumno foi suficiente. Constará de dúas partes de 2 horas cada unha na que se desenrolará o traballo proposto polos profesores. E necesario que o alumno alcance 5 puntos de 10 nesta metodoloxía para aprobar a materia.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Ching, Frank (1988). Arquitectura: forma, espacio y orden. GG. Barcelona - Moo, Zell (2008). The Architectural Drawing Course. Thames & Hudson. Londres - Moore, Allen & Lyndon (1974). La casa: Forma y Diseño. GG. Barcelona - Norberg-Schulz, Christian (1967). Intenciones en Arquitectura. Nerea - Wittkower, Rudolf (1995). Los fundamentos de la arquitectura en la edad del humanismo. Alianza Editorial - Zevi, Bruno (1948). Saber ver la arquitectura. Apóstrofe. Barcelona - Varios Autores (2011-). Cadernos de Fin de Carreira. ETSAC, A Coruña |
| Bibliografía complementaria | Aparte de estas entradas bibliográficas, cada ano a asignatura incorpora bibliografías específicas, que serán suxeridas ós estudantes. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Proxectos 1/630G01001
 Debuxo de Arquitectura/630G01002
 Xeometría Descritiva/630G01003
 Análisis de Formas Arquitectónicas/630G01007
 Proxectos 3/630G01011
 Xeometría da Forma Arquitectónica/630G01014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxectos 3/630G01011

Materias que continúan o temario

Proxectos 4/630G01016
 Análise Arquitectónico 2/630G01017
 Urbanística 1/630G01018

Observacións



<p><p>O ESTUDANTE PRECISA COÑECEMENTOS BÁSICOS DE INFORMÁTICA GRÁFICA. </p></p>

<p><p>RECOMÉNDASE TER APROBADAS AS MATERIAS QUE CONFORMAN O OBRDOIRO DO 2º CADRIMESTRE.</p></p>

<p><p>ESTA MATERIA NON DEBE CURSARSE SIMULTANEAMENTE CON TALLERES SUPERIORES.</p></p>

<p><p>ESTA MATERIA DEBE CURSARSE CONXUNTAMENTE CON PROXECTOS 3 DO MESMO CADRIMESTRE.</p></p>

<p><p>NON SE PERMITE O USO DE TELÉFONOS MÓBILES, TABLETAS OU ORDENADORES NAS AULAS TEÓRICAS. O INCUMPLIMENTO DESTA NORMA PODERÁ SUPOÑER A EXPULSIÓN INMEDIATA DA AULA.</p></p>

(*<p><p>A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías</p></p>